

**AS RENDAS MÍNIMAS DE INSERCIÓN EN GALICIA**  
**XORNADAS DA AGTSC - REGAL**  
A Coruña, outubro de 1996

*Ramón Muñiz*<sup>1</sup>: Esta mesa redonda vai orientada a profundizar na análise do funcionamento actual das rendas Mínimas de Inserción Social en Galicia, e a contrasta-las distintas propostas de cambios e modificacións cara unha lexislación efectiva. Contamos para iso coa experiencia de cada zona: País Vasco, Cataluña, Madrid e Galicia. Neste momento unha lexislación efectiva sería: 1) a que garantizase o acceso a rendas mínimas a tódalas persoas que as necesitan, a todos aqueles que se consideran pobres, e que teñen toda unha carencia de recursos; 2) a que proporcionase un ingreso que sirva efectivamente para subsistir, para un mínimo vital; 3) en terceiro lugar que sexa rápida, urxente, que chegue o máis rapidamente posible; 4) e por último que poña os mecanismos de superación desa pobreza.

Para abordar a complexidade do tema imos dividir a mesa redonda en dous bloques para ir do máis doado ó máis complexo. No primeiro bloque trataremos o problema da accesibilidade (que chegue a tódolos pobres), o problema do financiamento (que sirva como mínimo vital) e o problema do procedemento (que chegue o máis urxente posible), ou outros puntos que os ponentes puideran desenvolver, como o problema dunha prestación de urxencia social.

No segundo bloque abordariamos o tema da inserción que, polo que vimos esta semana, é o máis conflictivo, o máis crítico e o máis problemático.

Por suposto todos estes temas saíron estes días. Presentáronse cantidade de ideas (non tanto recetas, porque iso non hai, pero si ideas) e do que se trata agora é de que todas elas se concreten nunhas conclusións máis sintetizadas e máis concretas.

Imos empezar co primeiro bloque.

---

1.- *Ramón Muñiz de las Cuevas* é sociólogo. No bienio 88-89 dirixiu o Servicio de Planificación de Servicios Sociais da Xunta de Galicia. É autor do libro "*O pobo oculto: pobreza e acción social en Galicia*", publicado en 1996 pa Ed. A Nosa Terra.

*José Manuel Fresno*<sup>2</sup>: Eu creo que no tema de accesibilidade hai dúas cuestións básicas. Unha que é: hai que garantir un dereito que é que a persoa que careza duns ingresos que lle permitan vivir con dignidade ten que obter eses ingresos vitais. Pero hai outra cousa que polo menos en Madrid se constataba: non necesariamente ter uns ingresos mínimos garante a dignidade de vida porque ó mellor a diversidade de grupos, as condicións dos grupos, etc. inciden en que eses ingresos mínimos non lle garantan a dignidade para vivir. O que estou a dicir é que o dereito ten que ser algo estándar para todo o mundo, pero o modo de garantir ese dereito pode ser diverso, porque a mesma medida pode servir nuns casos para que a xente se promocioe, mentres que noutros casos non lle sirva para promocionarse autenticamente.

Unha cousa importante, e que sería unha proposta, é estar atentos a cales son os grupos ou colectivos que escapan ás rendas mínimas. A este respecto a experiencia de Madrid ofrece dúas constatacións: que son os colectivos máis achegados ós servizos sociais os que acceden ás rendas mínimas, porque son a quen mellor coñecen as traballadoras sociais; e que hai algúns pequenos grupos que non chegan as rendas mínimas por problemas relacionados coa nacionalidade e a inmigración (e aí hai que facer un esforzo por modifica-la lei), ou problemas relacionados co empadronamento, que son xeralizados, e coa convivencia de persoas nos mesmos grupos familiares. Tendo en conta que un dos problemas que xurdiu onte son os novos ocultamente excluídos, probablemente habería que facer un esforzo para que estes colectivos emerxan e sexan atendidos polas rendas mínimas. Isto no que atinxe á cuestión de estar atentos ós grupos que non acceden.

O segundo tema é que a accesibilidade non só se garante a partir dos servizos sociais. Hai que ir cara un mecanismo no que, se ben a tramitación dos expedientes para que a xente acceda ás rendas mínimas podería seguir a facerse desde os servizos sociais, tamén habería que facer un traballo en coordinación coas institucións tanto públicas como privadas que operan nun determinado sitio. Hai dúas experiencias en Madrid ilustradoras disto. A primeira é o caso do colectivo xitano. Se a tramitación se tivera feito desde os servizos sociais, sería un colectivo excluído das rendas mínimas. Só na medida en que a tramitación se fixo nas unidades de traballo social específicas que traballan desde os poboados nos asentamentos segregados, pode coñecerse a xente que hai alí e facilitárselle o acceso ás rendas mínimas. A segunda atinxe ó colectivo dos transeúntes, a xente da rúa. No primeiro ano e medio de implantación este colectivo non chegou ás rendas mínimas. Só cando se habilitou un dispositivo específico e adaptado a estes grupos, a través dunha organización non gubernamental, foi posible acceder a eles. O procedemento é saír á rúa, buscar ós transeúntes, ós indixentes, e facilitarlle-la tramitación.

---

2.- *José Manuel Fresno* é sociólogo, xestionou proxectos de inserción no mando do IMI (Ingreso Mínimo de Inserción), en Madrid.

Temos que ter en conta que hai determinados grupos excluídos necesitados de renda mínima que chocan cos servizos sociais, que funcionan noutra cultura, que falamos distintas linguaxes o que supón unha dificultade de accesibilidade evidente que ten que ver co modo de vida destes grupos, coa cultura. Por iso digo que a lei é para todos, pero a aplicación estandar da lei desde un dispositivo único ó mellor pode excluír, e temos que estar atentos a iso.

Atallar este problema pasaría tamén por unha cousa importante que é que as ONGs non tiveran un rol tan subsidiario no que atinxe ás rendas mínimas, e que se lles dera un papel máis protagonista. É dicir, que teñan que participar non só no que é a contraprestación, etc. senón participar nunha predisposición activa na atención á xente, na busca da xente, etc.

A derradeira cousa que quería apuntar nese sentido é que temos que pasar dos obxectivos xenéricos ós obxectivos específicos. O obxectivo xenérico na parte que estamos a falar, na parte de inserción, é que a xente que precisa mellora-lo seu nivel de renda para non caer ou para saír da indixencia mellore o seu nivel de renda e dispoña dunha prestación. Pero o obxectivo específico é que dentro dunha heteroxeneidade de xente temos que analizar como realmente esa renda mellora o seu nivel de vida e a súa inserción social, a súa inserción económica e a súa normalización na vida cotiá. Cómpre ter en conta que partimos de distintos grupos e distintas persoas e que a mesma medida non necesariamente pode repercutir positivamente para todos. O que pode ser unha renda que a algúns lles favoreza a inserción, pode ser, para outras persoas, un ingreso que xera unha dependencia e polo tanto a medio prazo pode situalos nunha vía cara á exclusión. As medidas terán que ser moito máis flexibles e moito máis adaptadas, garantizando, loxicamente, o dereito.

É evidente que hai outro problema: o presupuestario. Polo menos a situación de Madrid é que o tema das rendas mínimas é como cando tiras unha pedra na auga, e que progresivamente hai máis xente que se vai achegando ás rendas mínimas. Así, un dos riscos é que estamos a xerar unha demanda cada vez maior e estamos ó tempo mantendo o presuposto ou restrinxíndoo. Polo lado da demanda está a cambiar o perfil dos destinatarios: cada vez chega a un grupo maior de xente que son quen esgotaron as prestacións contributivas, especialmente as de desemprego. Hai un novo perfil de demandantes, parados ocasionais, etc. ós que hai tamén que prestar unha atención.

*Maite González*<sup>3</sup>: Un pouco complementando o que acaba de dicir José Manuel Fresno quero dicir que desde a perspectiva do País Vasco, efectivamente hai uns colectivos específicos que están apuntando e que creo que coinciden co que se comentou da pobreza xuvenil encuberta. A evolución das rendas mínimas no País Vasco tivo unha orientación cada vez máis a persoas soas. Pasou

---

3.- *Maite González Royuela* é socióloga, directora de DATLAN, gabinete de investigación aplicada, do País Vasco.

de ser unha renta mínima que se daba a moitísimos fogares compostos por unha familia biparental a que aparezan un gran peso de casos monoparentais pero tamén de persoas soas, sexan persoas maiores, sexan novos. No caso dos novos como colectivo específico, eu diría algo que algunha vez lle escoitei a Jordi Estivill e que penso que é moi razoable, e é que, polo menos ata determinada idade como os 25 anos, calquera tipo de medida non tería que ser necesariamente unha prestación económica, senón que ata determinada idade hai que proporcionar un abano de posibilidades, de ofertas, de estudio, de aprendizaxe, de formación en alternancia, do que queiramos, pero que non sexa tanto unha prestación económica directa, porque senón estamos acostumando á xente a unha cronificación desde moi novos.

Por outra banda está o problema que eu apuntaba onte ó fío dun debate que está a haber en Francia: sobre a apertura das rendas mínimas a unha poboación que xa non está no umbral da pobreza, senón que procede de familias de clase media. Eu creo que aí hai que pensar en medios de contención, porque senón cáese nunha situación de agravio comparativo.

Respecto do financiamento, no País Vasco o proceso é distinto que en Madrid. A prestación está moi lexitimada e sería moi difícil para os políticos botala atrás neste momento. Son moitas as familias, é moito o problema, desestabilizaría moito a sociedade que de repente estas 14.000 familias estiveran ó descuberto. Eu creo que o mesmo feito de que o dispositivo estea posto en marcha garantiza o seu futuro e mesmo penso que crecerá a prestación, non só polo crecemento da pobreza, senón porque no País Vasco a demanda, que como se sabe é creada moitas veces pola propia oferta, aínda non tocou teito.

*Jordi Estivill Pascual*<sup>4</sup>: Unha das cuestións que me parece importante está relacionada coa representación social da pobreza. Se é certo que as estratexias de loita contra a pobreza teñen que ver coa imaxe da pobreza que ten a sociedade, se iso é certo a min paréceme que hai que facer moitos esforzos para cambiar as imaxes que están a darse da pobreza e dos pobres. Eu non penso que sexa aquí a situación como en Italia, onde algúns autores están a falar de criminalización da pobreza, é dicir que está a darse á xente unha imaxe de práctica igualdade ou correlación moi estreita entre pobre e delincuente. Non creo que esta sexa a situación no conxunto do Estado español, pero si que é un risco que os medios de comunicación social só dean imaxes negativas, peiorativas e despectivas, que dan un peso negativo á pobreza e á exclusión social. Nese sentido, calquera esforzo que se faga para presentar os esforzos positivos que os pobres fan para saírse da pobreza, e as experiencias que se levan a cabo polo conxunto dos dispositivos (servicios sociais, etc.) para a loita contra a pobreza paréceme que é unha cuestión moi importante. Os cidadáns precisan de mensaxes positi-

---

4.- *Jordi Estivill Pascual* é sociólogo, director do Gabinet d'Estudis Socials (GES) de Barcelona.

vas ligadas ó tema da pobreza. Iso paréceme que é unha función na que todos estamos implicados: as organizacións voluntarias, os expertos, os profesionais dos servicios públicos e toda a xente que está metida nesta loita temo-la obriga de explicitar e mostra-los aspectos máis activos e combati-la pasividade e o fatalismo que agora mesmo existe.

Outra cuestión a abordar son as axudas de emerxencia social: a avaliación que se fixo desde o País Vasco, e xa Maite González me corraxirá se me trabuco, demostran que a existencia de axudas de emerxencia social permite resolver os problemas máis urxentes e as cuestións máis perentorias. É dicir, danlle ás rendas mínimas un segundo espacio. As axudas de emerxencia convírtense en axudas de choque, de intervención rápida, de intervención fronte ás cousas máis urxentes e isto permite ter este aspeto resolto, para que as rendas mínimas pasen a xogar un aspecto máis tranquilo, máis de segundo plano no que a atención os aspectos de inserción ou ós aspectos de diversidade dos que falou antes Jose Manuel poidan ser atendidos doutro xeito, sen urxencias. Paréceme que esta relación entre as axudas de emerxencia e as rendas mínimas pode ter interese nesta medida.

Onte eu insinuaba que un camiño posible para alixera-lo peso do financiamento das Comunidades Autónomas sería levar a cabo unha negociación co Estado Central na que este se comprometera a aportar unhas cantidades sustantivas ó financiamento das rendas mínimas na súa parte prestatoria, non na súa parte de inserción. Eu propuña como porcentaxe de financiamento estatal un 50%, pero pode ser discutible. No aspecto de inserción eu sería extremadamente autonomista: o Estado non debería meterse neste aspecto que precisa dun maior achegamento á realidade de cada zona.

O Estado Central non pode eludi-la responsabilidade de que existe pobreza en España e de que ten un papel importante que xogar. Non vale refuxiarse na idea de que non hai pobreza en España como nun momento determinado fixo o goberno anterior. E non vale dicir que o sistema da Seguridade Social sirve para combati-la pobreza. Eu penso que o Estado debe comprometerse, e debe comprometerse cara arriba e cara abaixo. Cara arriba quero dicir en Europa, onde ten unha responsabilidade nas directrices que manan en favor dunha das garantías dos dereitos sociais dos cidadáns europeos. E cara abaixo en términos de apoio financeiro e estratéxico cara ás Comunidades Autónomas. Isto introduce ademais unha vantaxe. Eu escoiteille falar algunha vez a Ramón Muñiz do posible problema que supón que se extremen as desigualdades entre as contías das prestacións das distintas comunidades. Isto podería levar a que os pobres das comunidades ricas serían menos pobres que os pobres das comunidades pobres. E iso non é nin bo, nin xusto, nin solidario, nin en España, nin en Europa. Polo tanto paréceme que hai que empezar a solucionalo aquí. O feito de que o estado axudase a cofinanciar esta medida podería poñer unhas certas condicións: igualar as contías das prestacións co referente das máis altas. Outra vantaxe da cofinanciación é que liberaría fondos ás Comunidades Autónomas

que deberían ser empregados sobre todo no tema da inserción que é o maior reto pendente.

*Maite González:* Respecto do papel que xogaron as axudas de emerxencia no País Vasco, estou de acordo con Estivill, pero creo que tamén tiveron outro aspecto que é moi interesante: poñer en evidencia, unha vez máis, o problema da vivenda. Todos sabemos que o problema actual sobre a vivenda social é que non chega a toda unha demanda non solvente que está ahí. No País Vasco moitas das axudas de emerxencia eran para atallar o problema da vivenda, que se evidenciou así en toda a súa magnitude. No novo proxecto de lei, e non sabemos aínda como funcionará, recóllese unha axuda específica para vivenda, de tal forma que no futuro no País Vasco poderá concederse, por un lado, a renta mínima, por outro, a axuda para vivenda e por outro a axuda para situacións de emerxencia. Como efecto visibilizador dunha necesidade eu creo que foi moi positivo.

*María Jesús Rodríguez<sup>5</sup>:* Mentres que os nosos compañeiros teñen datos das Comunidades Autónomas, nós non podemos dici-lo mesmo. Temos datos cuantitativos, pero non sabemos como vai a RISGA en Galicia, nin como van os nosos proxectos ne Galicia. Non hai un foro onde contrastar estes datos. Por iso teño que referirme á nosa experiencia concreta en Culleredo, e non á de toda Galicia. Por outra parte, témolo cru porque nin sequera son aplicados os mesmos dereitos en tódalas provincias, ou mesmo en tódolos concellos, á hora de concede-la prestación. RISGAs que nun concello están a concederse, noutros son denegados e éntrase en agravios comparativos moi serios.

É moi importante ese sector de poboación que non pode acceder ó RISGA. Nós atopámonos que no medio urbano, onde están a pagarse 35 ou 40.000 pesetas de aluguer, que é a media nas nosas poboacións, denégaselle ó RISGA ás persoas que pagan este aluguer porque se estima que teñen que contar polo menos con esa renda. Paréceme interesante que estea pensándose nunha axuda de emerxencia para vivenda desligada do que é a prestación do RISGA.

Sobre as axudas de emerxencia teño que dicir que nestes momentos non están funcionando como axudas de choque, debido ó periodo tan largo de concesión desta axuda. O choque somos agora os concellos que somos quen aportamos as axudas puntuais, co problema de que se lle están restando presupostos a outros colectivos como os menores, outros RISGA ou outros programas, porque estamos facendo fronte a estes gastos de vivenda ou de alimentación, de necesidades primarias moi elementais, porque as axudas de emerxencia da Consellería retrásanse no tempo. Con outro agravante, que é que necesariamente teñen que presentar factura do gasto antes de cobra-la axuda, cando son colectivos que de ningún xeito poden afrontar este gasto.

---

5.- *María Jesús Rodríguez García*, é asistente social do Concello de Culleredo.

*Ramón Muñiz:* Unha pregunta a María Jesús Rodríguez: ¿Canto tempo tarda a tramitación desde que vós presentades a documentación completa ata que se recibe a prestación?

*María Jesús Rodríguez:* A media está en tres meses, aproximadamente. Se cadra algunha vez, dando moito a lata podes acortalo un pouquiño, pero só o proceso de intervención e de pago leva dous meses. Esta é a media na Mancomunidade de Municipios de A Coruña. A axuda de emerxencia tarda moito máis; retrásase porque despois de aprobada a demanda o usuario ten que presenta-la factura do gasto. Por iso dicía que non son axudas reais de emerxencia, porque non cubren a emerxencia.

#### *Intervención do público:*

Precísase unha lei marco a nivel estatal para facilitar tamén a prestación a quen se desplazan polo Estado, que non teñan que cubrir outra vez os papeis e espera-la tramitación.

Como cada persoa é un mundo, unha persoa que paga 20.000 pesetas de aluguer ou de amortización do seu domicilio, se está a pagar un crédito dunha vivenda social, está a cobra-lo mesmo que quen vive na súa propia casa. Isto é anticonstitucional porque, a efectos prácticos, quen vive na súa propia casa está cobrando 20.000 pesetas máis en concepto de renda mínima de inserción para necesidades primarias.

Están equiparados niso os que non teñen vivenda (chavolistas e demais, que cobran a prestación íntegra porque se supón que non teñen gastos de aluguer) cos que teñen a súa vivenda propia, e están loxicamente en desavantaxe os que ti estas a apuntar, porque os primeiros non teñen vivenda nin a pagan, e empregan exclusivamente a prestación para as súas necesidades primarias. É un agravio comparativo, nese sentido. Por outra banda, a axuda de emerxencia para vivenda non funciona: cando chega están ó borde do desauicio e unha vez que se concede non poden pedir outra no mesmo ano. Cando solicitan, por exemplo, a contía de tres meses de aluguer, chégalle cando xa deben seis meses e non teñen perspectivas de paga-los seguintes.

É curioso que o concepto de emerxencia vai ligado ó de urxencia e neste caso é todo o contrario.

[Fálase da responsabilidade das traballadoras sociais, que teñen que traballar no marco dunha lei difícil de adaptar á realidade das demandas concretas e que moitas veces teñen que entrar nun xogo de ocultamento de informacións para conseguir que se dea unha prestación que, pese á lei, é necesaria e xusta].

*Maite González:* No País Vasco tense demostrado que polo menos o que é a tramitación da renda básica pódese facer e pódese facer puntualmente. Alí vivimo-la experiencia de que ó principio tardábase dous ou tres meses, sobre todo en Bizkaia, onde se carece dunha rede extensa de servicios sociais. Houbo un tempo en que Cáritas adiantaba o diñeiro, facíalles unha ponte ás persoas para

soportaren o retraso na prestación. Finalmente iso solucionouse pola propia lóxica, porque o dispositivo esixe un bo funcionamento.

Quería tamén incidir nunha idea que apuntaba José Manuel Fresno: o papel das ONGs. A min sorpréndeme, e o digo na miña propia rede en Bizkaia, que as ONGs non teñan máis sensibilidade e discutan máis o tema das rendas mínimas. Pero logo o pensas e é moi lóxico porque é algo que as ONGs non viven cada día. É un dispositivo que discurre polos servicios sociais e que só se conecta coas ONGs cando lles toca atender a unha parte dese colectivo. Pero no cotiá a xente non está vivindo como algo propio o tema da renda mínima. Pero é que tamén cabe, como apuntaba José Manuel Fresno, que as ONGs tamén entren a formar parte da adxudicación da axuda, e con determinados colectivos sería dunha gran eficacia. Sobre todo cos colectivos máis opacos como estranxeiros ilegais. Tería que chegar a haber non só unha especie de certificación entre comunidades autómas, como ti suxires, que creo que é moi válido respecto dun hipotético empadronamento, senón que podía chegarse mesmo a suprimir, xa que é unha medida implantada exclusivamente por unha previsión de transfuguismo entre comunidades autónomas. Como detrás está o tema da cidadanía de determinadas persoas, isto podería chegar a desaparecer e que fora a persoa profesional que está no terreo a que dalgún xeito fora a responsable de dicir 'a esta persoa si, a esta persoa non'. Creo que aí as ONGs terían un papel na tramitación da axuda.

*María Jesús Rodríguez:* Eu aí matizaría, porque depende dos casos e da profesionalización das ONGs, porque podemos entrar no problema do segredo profesional sobre a situación real das familias. Temo-la experiencia de que en pobos pequenos todo o mundo se coñece, poden trascender moitos deses datos familiares e poñemos en perigo a intimidade desas persoas. No noso concello temo-la experiencia de que a xente é reticente a ir a Cáritas, porque todo o mundo sabe que quen vai a Cáritas ten un problema importante, mentres que quen acude ós servicios sociais do concello pode facelo por moitas razóns: axuda social, bolsas, unha prestación calquera...

*Maite González:* Non tódalas ONGs teñen a mesma imaxe social. Non é o mesmo unha organización para a formación e o emprego que Cáritas, que sempre tivo unha imaxe máis asistencial. Por outra parte é moeda corrente que as axudas de emerxencia son traídas e levadas polos concellais no proceso da súa discusión. As asistentes sociais están a queixarse disto e levan unha batalla para que non se discuta sobre expedientes con nomes e apelidos. O risco non é tanto de tipos de entidades senón dunha cultura un pouco máis democrática.

*María Jesús Rodríguez:* Eu falaba en xeral da falta de profesionalización dos técnicos das ONGs.

[Fálase do problema da vivenda e das existencias dos informes e expedientes, consideradas ás veces excesivas e bloqueadoras do sistema]



*Maite González:* Eu creo que o informe, legalmente visto, o feito de que as rendas mínimas estean a adxudicarse co garante de que debaixo estase a xustificar cunha serie de datos formais, como unha declaración da renda, unha certificación do INEM de que se está no paro, e todo iso, eu penso que non está mal, porque me permite afirmar que os servicios sociais ofrécennos unha cifra que está a diagnostica-la pobreza moi documentadamente, non cabe erro. Pero tamén penso que se lle debería dar un pouco máis de peso á valoración do profesional de base, porque esa persoa é a que coñece as circunstancias concretas e as variacións. Nun momento determinado unha persoa pode non cumprir un requisito, pero a asistente social sabe que a esa persoa ténselle que adxudicar unha axuda. Respecto de se é moita ou pouca a información, eu xa aportei unha idea: a información ten que ver coa complicación que presente a inserción dunha persoa, pero simplemente para dar unha axuda económica deberían ser datos o máis breves posible. No País Vasco a documentación que se pide é moitísima.

*Jordi Estivill Pascual:* En Cataluña a documentación que se esixe é excesiva e bastante absurda.

*José Manuel Fresno:* No caso de Madrid non hai moitas queixas sobre a documentación que se solicita. Basicamente son dous documentos: un de datos básicos da familia para ver se entra ou non no tramo do dereito á renda mínima, e outro é o contrato individualizado de contraprestación. O problema básico é que atopamos unha demanda excesiva. Dado que os recursos son limitados, o que fan os servicios sociais é unha laboura moi forte de filtro. Unha das deficiencias que se constata dos centros de servicios sociais é que polo seu agio de traballo fan moito traballo de despacho e moito traballo sobre expedientes e pouco traballo directo de rúa, de coñecemento, etc. Cando tes unha demanda excesiva este problema tradúcese nun subxectivismo á hora de valora-la situación das distintas familias, empregando só fontes indirectas. Cando os centros de servicios sociais traballan con ONGs que coñecen máis os casos concretos, poden intercambiar información con elas e fan informes máis obxectivos. Outro problema que se deriva do exceso de traballo de oficina é o perxuízo para a xente máis distanciada dos servicios sociais, que non accede ás prestacións.

*Maite González:* Non se pode falar de demanda excesiva. O que sucede é que se pusu freo ás rendas mínimas. En Madrid perciben renda mínima un 1,5% da poboación, pertencendo maiormente a sectores de pobreza tradicional. A nova pobreza, de persoas soas, de novos..., aínda non xurdiu en Madrid, e probablemente non xurda, pero non porque non exista, senón porque non hai unha oferta de prestacións.

*Ramón Muñiz:* Imos entrar no segundo bloque: o da inserción. ¿Que medidas poden tomarse desde a Administración, contando con toda a rede de ONGs, etc., para a inserción, e sobre todo para a inserción laboral?

*José Manuel Fresno:* A renda mínima, a pesar de todo o que estamos a dicir, é simple. A inserción é complexa. A renda mínima pode facerse a curto prazo. A inserción debe facerse a medio prazo. A renda mínima ten un custo económico inmediato. A inserción ten un custo económico tamén importante. Paréceme que un dos retos é chegar a un equilibrio entre os recursos destinados a rendas mínimas e a inserción. Senón estamos a demostrar que quen legisla non cre no I final, cre no R.M. pero non na Inserción.

A inserción debe facerse desde a óptica do partenariado. Se a exclusión é un proceso complexo, que non queda na carencia de recursos económicos, senón que ten que ver co entorno no que se habita, no acceso a educación, sanidade, etc., pois a inserción só se fará na medida en que consigamos implicar ó conxunto de entidades que teñen competencias sobre estes aspectos. É unha limitación importante pretender aborda-la inserción desde os servicios sociais, sen implicar a quen realmente teñen recursos e posibilidades de favorece-la inserción.

Este partenariado debe ir máis alá das institucións e engloba-las empresas e axentes económicos, se é que realmente queremos falar de inserción polo económico. O primeiro paso sería establecer algún tipo de plataforma ou de mesa de traballo conxunto na que poidamos sentar ás institucións públicas, ás ONGs e ós axentes económicos para formula-lo tema da inserción.

Inserción non é so inserción polo económico e a experiencia das rendas mínimas demostra que non toda a xente que as percibe pode insertarse no mercado laboral. Polo tanto, nese reto de definir que entendemos por inserción temos que clarificar moito máis as categorías que incluímos, cada unha cun itinerario distinto de inserción. Contar con estas categorizacións permitiría establecer as prioridades de actuación, contando con que non podemos abarcalo todo. Serían prioritarias, dunha banda as cousas máis urxentes e doutra as máis importantes.

Outra cuestión é o papel que xoga a renda mínima no proceso de inserción. Neste punto tivemos dificultades desde a nosa experiencia en Madrid. A renda mínima ten que actuar como incentivadora cara á inserción, pero en ningún caso podemos situar a persoas que xa están desincentivadas fronte o traballo na tesitura de dicir: agora que con este proxectiño estás xa a gañar 30.000 pesetas, quitámosche a renda mínima. Porque esa persoa dirá "o sea, que vou gañalo mesmo traballando seis ou oito horas que sen traballar nada, entón prefiro cobra-la renda mínima sen traballar".

Hai que dar un protagonismo ó sector social non lucrativo no tema da inserción. As ONGs somos creadoras de economía social. Algún estudio di que en Europa o sector de economía social emprega entre o seis e o nove por cento da poboación activa europea, o que é unha magnitude moi relevante. É evidente que as ONGs temos un papel na inserción, porque contamos coa plusvalía da motivación, o coñecemento da xente, a presenza diaria, que para traballar con persoas en situacións límite é un valor engadido fundamental. Se as ONGs que ren entrar no campo da inserción polo económico fanse fundamentais: estudos

de prospectiva, análise da viabilidade dos proxectos, acompañamento deses proxectos...

Hai que ser serios e dar unha estabilidade ós proxectos de inserción. Non se pode falar de inserción de persoas escludidas con proxectos a un ano vista ou con proxectos cun financiamento pequeno. Teñen que ser proxectos a medio prazo, dous ou tres anos, cun itinerario, cun estudio de viabilidade e cunha dotación económica acorde. Na medida do posible esta dotación debería ser cofinanciada: dificilmente poden ser financiados cos presupostos das rendas mínimas.

Cada unha das persoas estamos insertadas dun xeito e nun contexto diferentes: o que nun entorno urbano podería ser considerado unha exclusión, pode corresponderse cunha situación de inserción nun contexto rural. Hai que ter en conta as estruturas sociais tradicionais que permiten que a xente non caia na exclusión para ver que é o recuperable destas estruturas. Debemos estar atentos a non aplicar modelos de inserción que poden ir moi ben noutros sitios pero que non valen para aquí. E iso que digo con respecto a Galicia poderíamos traspasalo a nivel dos colectivos. temos unha serie de colectivos nas rendas mínimas que dentro de economías primarias e informais están insertados, e que ó mellor é moi difícil que cheguen a estar insertados pola vía de mercados normalizados. Se cadra temos que procurar que se manteñan e non sexan expulsados desas economías informais, que poden ser precarias, pero que polo momento sirven para non caer na exclusión.

*Maite González:* Eu vou constreñirme a un punto: a idea do partenariado e as súas limitacións a nivel cotiá. Hai que darse conta do que significa a colaboración. O primeiro é tomar conciencia de que papel xoga cada quen. Nisto da inserción polo laboral hai que partir de que os servicios sociais fan un teito, porque non hai tradición nos servicios sociais de manexarse no terreo económico. Se cadra ten que haber estruturas locais ou comarcais nas que se colabore con outros axentes. Facer partenariado significa tamén ceder poder. Se non hai unha conciencia disto, sobre todo por parte das instancias que o teñen xa (políticos, técnicos...) non hai posibilidade. Facer partenariado significa facer estratexias de gañar-gañar: cando eu gaño, ti tamén gañas, pero isto pasa por ceder poder.

*María Jesús Rodríguez:* En Galicia non podemos falar desa I en maiúsculas se de entrada non nos dotan presupuestariamente para facer esa inserción. Independentemente os profesionais temos que dar unha solución o máis efectiva e real posible ós colectivos que temos nos nosos concellos, pero o que está claro é que mentres a consellería só presuposte a renda mínima e non o tema laboral, témolo moi difícil.

*Jordi Estivill Pascual:* Eu creo que unha posibilidade importante sería empezar a distinguir entre a prestación económica e o proceso de inserción. O feito de que estea tan ligado, de que non poida haber prestación económica sen o

contrato de inserción paréceme que é facer un flaco favor a todos. Unha proposta é abrir un tempo polo que se poida adxudica-la prestación e se teña un tempo para despois levar a cabo o contrato de inserción ou a tentativa de inserción. Isto podería ser beneficioso para todo o mundo: para os excluídos beneficiarios, para os traballadores sociais que poden coñecer mellor o que precisa esa persoa, para os políticos que non se vería obrigados a facer presión sobre a xestión económica, etc.

Por último facer unha provocación. Que como me parece que no futuro cada vez haberá menos traballo convencional, abogo por un lado o que dicía José Manuel Fresno, mercado informal, e por outro lado economía social a tope.

*Ramón Muñiz:* Ante a crise económica e a redución do gasto social, ¿que futuro lle quedan a estas rendas mínimas e estes subsidios?

*Jordi Estivill Pascual:* Eu teño unha visión non tan pesimista. Creo que o Estado do Benestar non está en crise. Creo que está a face-las súas funcións como sempre fixo, que é a de evita-lo conflito social, que se reproduza a forza de traballo, etc. En Europa non hai un panorama homoxeneo que nos leve a pensar que hai unha etapa só de recortes: os portugueses están implementando as rendas mínimas, o que implica máis gasto social; en Grecia aumentaron as pensións.

(En base ás cuestións que xurdiron nestas xornadas e a estudos empíricos sobre a pobreza en Galicia, a Rede Galega de loita Contra a Pobreza, REGAL, elaborou unha proposta de modificación da Lei Galega de Medidas Básicas para a Integración Social. Apórtanse suxerencias de melloras para os seguintes puntos: accesibilidade da RISGA; cobertura económica e financiamento; procedemento de concesión; emerxencia social; e inserción económica.)